



**Instrución 3/2020, da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Investigación, en relación coas estadias das convocatorias de axudas posdoutorais dos anos 2018 e 2019 como consecuencia da situación creada pola evolución da pandemia do COVID-19.**

Pola Orde do 30 de abril de 2018, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e pola Orde do 28 de maio de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, establécense as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e convócanse para o ano 2018 e 2019, respectivamente.

No artigo 2.4 da Orde do 19 de xuño de 2020, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se amplía a duración e o crédito das axudas vixentes, entre outras, da convocatoria posdoutoral de 2017 e de 2018 como consecuencia da situación creada pola evolución da pandemia do COVID-19, indícase que:

“As persoas investigadoras contratadas ao amparo da modalidade A do programa posdoutoral que se atopen na fase de estadía deberán cumprir o plan de estadias que presentaron coa solicitude e polo que foron avaliadas para obter o contrato. A prórroga desenvolverase no centro de destino no que se atopaban no momento da declaración do estado de alarma e antes do comezo do segundo ano de estadía se están no primeiro ano ou do contrato retorno se están no segundo ano de estadía.”

Un dos obxectivos fundamentais destas convocatorias é a formación no estranxeiro polo que co fin de facilitar que todos os investigadores e as investigadoras poidan completar os 24 meses de estadía que se son necesarios para o desenvolvemento da carreira investigadora, o secretario xeral de Universidades e a directora da Gain, no uso das competencias que temos atribuídas, ditamos a seguinte instrución:

1. As persoas investigadoras da convocatoria de 2018 que se atopan no seu segundo ano de contrato e que xa completaran os 24 meses de estadía, poderán optar por realizar os 6 meses de prórroga no centro de destino no estranxeiro ou na entidade contratante.
2. As persoas investigadoras da convocatoria de 2019 que se atopan no seu primeiro ano de contrato teñen que realizar a prórroga no centro de destino do primeiro ano de estadía.
3. No caso de imposibilidade de realizar a prórroga no centro que lle correspondería, poderase solicitar un cambio do plan de estadias.
4. De forma excepcional, se a evolución da pandemia decretada pola OMS dificulta ou impide o desenvolvemento do plan de estadias poderase eximir a persoa investigadora do cumprimento do estipulado no artigo 6 do anexo I das bases da convocatoria referente ao período mínimo de estadía necesario para acceder á fase de retorno, previa solicitude motivada do investigador ou investigadora, co visto e prace da persoa responsable do grupo de investigación.

Todas as solicitudes teñen que presentarse a través da entidade contratante, que será a encargada de tramitala á Secretaría Xeral de Universidades ou á Gain, segundo corresponda.

Santiago de Compostela (data/sinatura dixital)

O secretario xeral de Universidades  
José Alberto Díez de Castro

A directora da Axencia Galega de Innovación  
Patricia Argerey Vilar

